

Barbate.

Barbate ten máis dunha historia: piratas, batalla de Trafalgar, traíñas naufragadas e almadrabas cheas de atúns. Pero a historia é o pasado e Barbate ten un presente. Un presente do que baixo o mar dan testemuña milleiros de seres vivos de cores brillantes, como as gorgonias...E outros máis discretos, como os ourizos.

As superficies rocosas son un festín de algas e invertebrados. A esa mesa inzada de epífitos acoden os peixes a comer.

Entre as criaturas asombrosas, a ofiura *Astropartus* ocupa un lugar preminente. Equinodermo, como os ourizos e as estrelas, semella unha fibela de Prata.

E o verme de lume, pola súa banda, semella un agremán, tan urticante como multicolor.

A morea amosa os dentes, pero permanece case todo o día na súa cova.

Iso da certa tranquilidade aos peixes que, en cardumes ou dun en un, percorren as augas.

As estratexias defensivas son variadas. Hai peixes que plantan cara coa súa vestimenta multicolor, insolentes e solitarios entre as matas de Posidonia. Outras especies perviven gracias á súa coloración uniforme e á protección do grupo.

Nos fondos areosos da costa dos atúns, cravou as súas unllas por derradeira vez esta ánchora. Enleado nela, o esquelete dun atún. Transitaron o tempo en sentidos opostos: o mineral da ánchora cubriuse de materia orgánica namentres que a materia viva que foi o atún mineralizouse.

Na superficie, a síntese son os mariñeiros, que tiran dos cabos como tiran da súa vida. Na auga batida polos golpes dos atúns está o presente e o futuro.

O pasado xace entre os restos de barcas que apodrecen na praia dun pobo que viviu tempos de abundancia, cando os atúns, grandes e poderosos, invadían o mar de Barbate.

A superficie só é un indicio do que garda o fondo do mar. Entre a madeira cuberta de epífitos, abundan os sargos. E os roncadores mulatos. Todos atopan acubillo entre a madeira e o ferro, reconvertidos ambos materiais en sustratos bentónicos, unha oportunidade para as especies incrustantes que non poden instalarse na area.

Os que sí atopan na area o seu alimento son estas fanecas, bacallaos con traxe de raías, con barbas táctiles que son implacables buscadores de pequenos invertebrados.

Esta abundancia de peixes denota a riqueza de nutrintes nas augas desta zona do Atlántico.

Pero os peixes non son o único sinal. Os corais do xénero *Dendrophyllia* constrúen tubos minerais, fermosas arquitecturas arborescentes de cor laranxa ou amarelo intenso. Os seus urticantes pólipos brancos, como flocos de seda, deféndenos dos depredadores e moven a auga que leva o seu alimento.

Gráciles e robustos; eficaces e quebradizos, os corais amarelos adornan a costa dos atúns.